

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

As mouras do Treboal

Os penedos do Treboal están en Covelas, concello de Os Blancos (Ourense). Neste penedos vivían unhas mouras, e unha rapaza de nome María que andaba co gando polo monte sentíu que berraban por ela. Achegouse ás penas e as mouras díxéronlle que lle daban unha cesta con fabas que se converterían en ouro se non llo contaba á nai; de dicirllo, matábana.

María prometeu non dicir nada, foi para a casa coa cesta de fabas e pousouna enriba dunha arca. Pero a nai cismaba:

- Que levas?
- Non cho podo dicir.
- Ou me dás a cesta ou douche unha malleira!

María cacabou por darlle a cesta e, como se pode supoñer, as fabas seguiron sendo fabas e non se transformaron en ouro.

Ao día seguinte a rapaza volveu ao monte. As mouras chamaron por ela e logo matárona. Cando se decataron da tardanza, a nai e a veciñanza foron tras dela pero axiña lles respondeu unha das mouras:

- Mariquiña, Maricola,
con aceite e allo
metida na barrigola!

[Recollido por Manuel Jardón Moure en xaneiro de 1994]

BIBLIOGRAFÍA

VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., «102 lendas e noticias lendarias», en Boletín Auriense, XXIV, 1994, páx.. 287- 336.